

---

# CERRÁRONSEME OS OLLOS

Texto de **PATRICK BARD**

Tradución de **FERNANDO MOREIRAS**

Ilustración de cuberta de **ADRIÀ FRUITÓS**

---

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 160 páx. 13 €.

**Cerráronseme os ollos** (galego)

ISBN 978-84-16721-32-0. Narrativa K. Faktoría K.

**Se cerraron mis ojos** (castelán)

ISBN 978-84-16721-33-7. Narrativa K. Faktoría K.

**Els ulls s'em van tancar** (catalán)

ISBN 978-84-16804-57-3. Narrativa K. Faktoría K.

*Arrabaldes de Le Mans, setembro de 2014*

*Ás veces pregúntome se non estarei morta. Pero non, estou viva, e o bebé que rebole no meu ventre está aí para lembrarmo. Estou viva, e Redouane está morto. Pola fiestra percibo o xardín do noso chalé, cos seus xeranos, o seu céspede ben cortadiño e a súa platabanda de roseiras murchas...*

Maëlle é unha rapaza francesa que quere cambiar o mundo.


Aos seus dezaseis anos ten un carácter firme, é unha alumna aplicada no instituto, simpática, solidaria cos seus compañeiros e líder no equipo de balonmán. Pero algo sucede na súa vida, que dá un xiro de 180 graos. Cada día pasa máis tempo pendente das redes sociais, abandona o deporte, cambia a súa forma de vestir, deixa o seu mozo...

De xeito gradual, todo o seu interese centrase arredor do conflito que se vive no Oriente Próximo: a guerra, os bombardeos sobre a poboación, a xeopolítica... Comeza a pensar que a súa misión na vida é facer a *yihad* e apoiar activamente os que considera peor tratados: os pobres que son fieis a Alá.

Pouco a pouco, Maëlle converterase en Ayat para unirse ao Daesh.

“Cerráronseme os ollos” é a historia dunha adolescente que regresou de Siria. As autoridades europeas alertan do repunte no número de persoas que se enrolan ao Estado Islámico.

Patrick Bard perdeu o seu amigo Michel Renaud no atentado contra a revista Charlie Hebdo, o fillo doutra amiga marchou a Siria e os ataques terroristas de novembro de 2015 en París deixaron no autor unha fonda pegada. Para elaborar esta novela documentouse moito sobre os métodos do Daesh para captar adeptos: imaxes de torturas, teorías do complot, vídeos propagandísticos ou mensaxes sobre o desamparo da poboación siria son as tácticas para que a semente da radicalización prenda nos mozos vulnerables.



■ **Temática:** historia dunha adolescente que se une ao Daesh.

■ **Destinatarios:** lectores xuvenís e adultos.

■ **Aspectos destacables:** terrorismo, violencia; historia contemporánea, actualidade; mocidade, educación.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/cerraronseme-os-ollos-g>

## Patrick Bard

(Montreuil-sus-Bois, Francia, 1958)

É fotoxornalista, novelista e escritor viaxeiro. O seu primeiro libro, publicado en 1993, é “Mississippi Blues Mud”, un caderno de viaxe sobre o mundo do blues. En 1996 deixou Francia para coñecer a vida na fronteira entre os Estados Unidos e México. Desta experiencia de cinco anos xurdiu “La frontera”, galardoada co premio Brigada 21 á mellor novela policíaca estranxeira (2005). Outros títulos da súa autoría son “El perro de Dios”, “Las cenizas del exilio” ou “Huérfanos de sangre”, este último sobre as mafias que trafican con nenos secuestrados en Centroamérica. En “Cerráronseme os ollos” reflexiona sobre unha realidade complexa e poliédrica que espera respostas para salvar vidas... e esperanzas. O seu traballo fotográfico foi exposto no Centro Pompidou, no Gran Halle de La Villette, México, España, Inglaterra, Estados Unidos... Durante moito tempo dedicouse a percorrer América Latina coa súa dona, a artista Marie-Berthe Ferrer.

«Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2017»

---

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

---